

Asistentes:

- D. Jose Javier Fandiño Núñez (Presidente)
- D. Patricio Salgado Alonso (Secretario).
- D. Miguel Reboredo Otero (Vogal).

En Vigo, ás 19:00 horas do 30 de Abril de 2018, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da Xunta Electoral da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

*Orde do día:*

1. *Resolución das solicitudes de adscrición aos Estamentos para a confección do Censo Definitivo.*
2. *Resolución das reclamacións aos censos provisionais.*

### **1.- Resolución das solicitudes de adscrición aos Estamentos para a confección do Censo Definitivo.**

Atendendo ao apartado b do artigo 8 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Xadrez entrégase aos membros da Xunta Electoral as solicitudes de adscrición ao estamento de deportistas, adestradores e árbitros.

Lévase a cabo as resolucións:

1. D. **Jose María Dorado Reboredo** atendendo a súa solicitude de atoparse incluído en varios estamentos (adestradores e deportistas), acéptase e queda incluído unicamente no estamento de Deportistas.
2. D. **Ángel Francisco Vilas Fernández** atendendo a súa solicitude de atoparse incluído en varios estamentos (deportista e adestrador), acéptase e queda incluído unicamente no estamento de Deportistas.

Según o apartado 2 do artigo 18 do Regulamento Electoral da Federación Galega de Xadrez entrégase aos membros da Xunta Electoral a solicitude de representación de D. Antonio Nieto Velado do Club de Ajedrez Recatelo. A documentación presentada por esta entidade é:

- Certificado do Secretario có visto bó do Presidente do clube conforme o representante da entidade sexa D. Antonio Nieto Velado.
- Certificación da inscrición do rexistro de entidades deportivas de Galicia figurando D. Antonio Nieto Velado como un dos representantes legais da entidade, neste caso Secretario.
- Copia do DNI do Presidente D. Moises Sylla Garcia.
- Copia do DNI do Secretario e representante D. Antonio Nieto Velado.

Atendendo a solicitude e documentación recibida, a Xunta Electoral acepta a D. Antonio Nieto Velado como representante da entidade Club de Ajedrez Recatelo no censo definitivo.

### **2.- Resolución das reclamacións aos censos provisionais.**

Rematado o prazo de presentación de reclamación aos Censos Provisionais o pasado 23 de Abril de 2018, entrégase aos membros da Xunta Electoral dous reclamacións ao Censo Provisional de Entidades Deportivas.

#### **1. Club de Iniciativas Deportivas Universitarias.**

Tras o anuncio do 27/11/2017 da Secretaría Xeral para o Deporte (SXD) polo que se notificaba o acordo de incoación de cancelación rexistral de entidades deportivas galegas no rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, publicouse no DOG número 238 o 18/12/2017.

A SXD da Xunta De Galicia, emitiu a resolución do 07/03/2018 pola que se decretaba a cancelación rexistral no Rexistro de Entidades Deportivas e a perda de recoñecemento oficial de determinadas entidades deportivas que non adaptaran os seus estatutos ao disposto na Lei 3/2012, do 02 de Abril, do deporte de Galicia.

Esta entidade atopábase na relación de entidades deportivas publicadas no DOG do 15/03/2018, polo que se deu de baixa do censo provisional.

O 23 de Abril de 2018 a Xunta Electoral recibiu a solicitude de inclusión desta entidade ao Censo definitivo de Entidades Deportivas aportando a documentación asinada pola Secretaría Xeral para o Deporte conforme a entidade xa está ao corrente de tódalas obrigas rexistras. Polo que a Xunta Electoral aproba incluír a esta entidade no Censo Definitivo correspondente.

**2. Club Xadrez das Mariñas.**

O Secretario do Club Xadrez das Mariñas, D. Ernesto Pérez Ramil, presenta unha solicitude de admisión ao Censo Definitivo de Entidades Deportivas.

Este club presentou no 2017, para que se aplicara na tempada 2018, un escrito conforme tiña un acordo co Club de Ajedrez Artesanos de tódolos dereitos federativos. Este acordo cumpre o apartado 3 do artigo 8 do Capítulo 2º do Regulamento Xeral de Competicións desta Federación Galega de Xadrez:

**3.-** Un Club poderá ceder a outro a totalidade dos seus dereitos deportivos, sin ningún tipo de contraprestacións, sempre que dito club desaparezca dándose de baixa nos rexistros deportivos oficiais, e sólo poderase formalizar o término de unha tempada, para que se poda executar na seguinte. A FEGAXA non autorizará dito acordo si o club que cede os dereitos ten débedas pendentes e non asumidas pola nova entidade. Sempre asustándose o regulamentado para cada competición deportiva.

**4.-** No caso de fusións ou absorcións de clubes, o club resultante terá os dereitos e obrigacións de ambas dúas entidades, ademais de ser de aplicación o contemplado no apartado anterior.

Atendendo a estos dous artigos, a Xunta Electoral considera que neste caso ao ser unha absorción, considera que o Club Xadrez das Mariñas tamén consegue a antigüidade do club de Ajedrez Artesanos, polo que aproba por unanimidade incluír a esta entidade no Censo Definitivo correspondente.

Contra estas resolucións das reclamacións recibidas ao censo electoral provisional poderá interponerse, nun prazo máximo de dous días a contar desde a recepción da notificación da resolución da reclamación ou transcurrido o prazo máximo para resolver, recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, que deberá resolver nun prazo de 5 días.

Non habendo nada máis que tratar, levántase a sesión ás 19:37 horas.

Vº e prace:

D. Miguel Reboredo Otero  
Vocal da Xunta Electoral

D. Patricio Salgado Alonso  
Secretario da Xunta Electoral

D. Jose Javier Fandiño Núñez  
Presidente da Xunta Electoral